


Na Biblioteca hai libros en galego de moita calidade, que este Nadal vos queremos axudar a descubrir.

Entrevistamos a nenos e nenas do cole que os elixen para o seu tempo de lecer. Que diríades a quen aínda non os probou??



DARÍO: Recomendo ler máis en galego para saber máis palabras e saber expresarse en galego.



EVA: Recomendo ler en galego porque hai libros guais, como os últimos que eu lin, de “Mil cousas poden pasar”, que teñen moitas emocións.



LAURA: Na Biblioteca hai galego e castelán, non noto a diferenza, o que importa é o que di.

SERGIO: Collendo máis libros en galego e léndoos máis entenderalo mellor, e se non entendes algo búscalo no dicionario.

BRUNO: É o mesmo que ler en castelán, enténdelos igual, non é estranxeiro nin nada. Estamos en Galicia.

GABRIEL: Nós que nacemos aquí en Galicia por que temos que usar só o castelán? É a lingua dos listos ou que?

BRENDA: Eu falo castelán porque me é máis fácil, pero leo perfectamente en galego.

CRISTIAN: Moitos amigos meus falan castelán, e miña nai e meu pai, pero aquí na escola falo sempre galego, non ten que ver.

GRAZAS RAPACES E RAPAZAS
POR COMPARTIR A VOSA OPI-
NIÓN.



**NÓS LEMOS EN
GALEGO, E TI?**



CEIP DE LEIRADO
Biblioteca / ENDL
Decembro 2013

**Moito por descubrir,
moito que sentir.**


<http://abibliodeleirado.blogspot.com>
<http://anubedalingua.blogspot.com>

Que nos teus agasallos non falte un libro en galego!

Recomendamos:



PRIMEIROS LECTORES




Imos cazar un oso, de Michael Rosen e Helen Oxenbury é unha divertida aventura en familia que fará disfrutar a grandes e pequenos.

Editado por kalandraka



Sopa verde, de Ángela Madeira e Till Charlier preséntanos a un coello que sempre come o mesmo, contexto ideal para atreverse a probar de todo.

Editado por OQO



LECTORES AUTÓNOMOS

O RAPOSO E A MESTRA

Un raposo con certos poderes...

Manuel Rivas/ Jacobo Fernández Serrano

Edicións Xerais



XIANA A NENA PIRATA

Unha pirata especial que busca tesouros diferentes

María Canosa/ Noemí López

Editorial Everest

ZERALDA E O DRAGÓN

Agustín Fernández Paz

Fran Jaraba

Fantasia e acción

Editorial Galaxia



AVENTUREIROS E COMIQUEIROS

Nova entrega de Xoeliki "O grande apagamento", Abrahán Carreiro, Maties Segura.

Sotelo Blanco Edicións.



OINK, a revista do Xabarán Club

CON MÚSICA:

Libro disco **PAN DE MILLO**

Migallas

Ed. Kalandraka



A NENA E O GRILLO NUN BARQUINHO: contos, cancións e actividades.

De Magín Blanco e Leandro Lamas

Fol música

